

Termos de Referencia

SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA A ACTUALIZACIÓN DO  
PLAN DE IGUALDADE DE FEGADACE

## Índice

1. Introducción .....	2
2. Obxecto do servizo de consultoría .....	3
3. Alcance do servizo .....	4
4. Resultados esperados e temporalización .....	4
5. Metodoloxía proposta.....	4
6. Perfil da persoa ou equipo de consultoría.....	5
7. Premisas da consultora, propiedade intelectual, autoría e publicación .....	5
8. Presentación de propostas.....	6
9. Forma de pagamento .....	7

## 1. INTRODUCCIÓN

FEGADACE, a Federación Galega de Dano Cerebral é unha organización non governamental, sen ánimo de lucro, independente, apartidista e aconfesional especializada na defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido (DCA) en Galicia e as súas familias.

Constitúese en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de Dano Cerebral Adquirido (DCA), concretamente: ADACECO na Coruña, ADACE en Lugo, ALENTO en Vigo, RENACER en Ourense e SARELA en Santiago.

Na actualidade, desenvolve a súa labor nos seguintes ámbitos de actuación: (i) apoio e asistencia ás entidades federadas (as cinco anteriormente citadas) e as familias de persoas con DCA; (ii) Información, sensibilización, divulgación e investigación sobre el DCA; (iii) Intervención y ejecución de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con DCA e as súas familias; (iv) Representatividade e incidencia política; (v) Desenvolvemento de investigacións, estudos epidemiolóxicos e sociolóxicos para a xeración e difusión de coñecemento científico e social sobre o dano cerebral adquirido.

Os órganos de goberno de FEGADACE declaran o seu compromiso no establecemento e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir este obxectivo como un principio estratéxico da súa política corporativa e de recursos humanos, de acordo coa definición do dito principio que establece a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

En todos e cada un dos ámbitos no que se desenvolve a actividade desta entidade, desde a selección á promoción, pasando pola política salarial, a formación, as condicións do traballo e do emprego, a saúde laboral, ordenamento do tempo de traballo e a conciliación, asumimos o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, atendendo de xeito especial á discriminación indirecta, entendendo por esta "a situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros, pon a unha persoa dun sexo en desvantaxe particular respecto de persoas doutro sexo".

Considérase o momento actual como un tempo de oportunidade e revisión, no que o poder repensar os modelos de intervención, ensaiar novas estratexias e propostas, aproveitando o

que se está facendo ben, e cuestionando aquilo que pode obedecer a “rutinas”. Por todo elo, nesta etapa, entendemos que é necesario asentando unha integración real e efectiva da perspectiva de xénero na cultura, as estruturas e procesos da organización en coherencia coa nosa misión, e ademais, coa actual lexislación en materia de igualdade -Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, e segundo a súa última actualización, publicada o 7 de marzo de 2019, polo Real Decreto Lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación. Ademais, a actualización aos Reais Decretos 901 e 902/2020 que actualizan a normativa estatal en materia de igualdade.

Dito isto, FEGADACE quere ir un paso máis alá e integrar de maneira transversal a perspectiva da ética de coidados, no seo dos equipos de traballo. Queremos que o coidado das persoas vaia da man de todo o traballo de diagnóstico, actualización e adaptación do noso I Plan de Igualdade.

## 2. OBXECTO DO SERVIZO DE CONSULTORÍA

Obxectivo Estratéxico: Promover un cambio intraorganizacional de xénero no funcionamento, a política e a cultura organizativa de FEGADACE, que vaia máis alá do noso traballo en áreas de acción social para persoas con dano cerebral, incidencia política, sensibilización ou divulgación, ou execución de proxectos; asentando a integración real e efectiva da perspectiva de xénero na cultura, e estrutura organizativas, así como nos procesos da entidade.

Obxectivos Operativos:

- Elaboración Diagnóstico de Xénero que avalíe o estado actual da organización respecto ao cumprimento do seu compromiso coa igualdade de xénero e o coidado das persoas.
- Actualización e Adaptación do Actual Plan de Igualdade de FEGADACE, segundo as indicacións da normativa/lexislación vixente e os resultados do diagnóstico que nos indique os pasos a seguir a curto, medio e longo prazo no proceso de desenvolvemento organizacional coa equidade de xénero.
- Definir os procedementos e ferramentas necesarias para o desenvolvemento e implantación efectiva do Plan.

### 3. ALCANCE DO SERVIZO

Contratar os servizos dun/ha profesional encargado/a de:

1. Deseño e facilitación da metodoloxía de participación de reunións de traballo cos principais grupos de interese a nivel territorial.
2. Facilitar e sistematizar os resultados das accións (teórico-prácticas) de planificación e outras actividades participativas que involucre a elaboración do proceso.

### 4. RESULTADOS ESPERADOS E TEMPORALIZACIÓN

Os produtos esperados e prazos estipulados do servizo son:

	<b>Produtos esperados</b>	<b>Prazo</b>
1	Diagnóstico de Xénero	20 de marzo a 10 de abril 2023
2	Actualización e Adaptación do Plan de Igualdade de FEGADACE	10 de abril a 15 de xuño 2023
3	Definición de procedementos e ferramentas necesarias para o desenvolvemento e implantación efectiva do Plan.	15 de xuño a 15 de xullo 2023
4	Elaboración e Entrega informe Final do Traballo	1 a 15 de xullo 2023

A consultoría está planificada para ser desenvolvida entre marzo de 2023 e xullo de 2023. As datas propostas son as que se recollen na táboa anterior aínda que poderán ser revisadas e adaptadas a medida que se vaia desenvolvendo o traballo de consultoría, como tamén en función da dispoñibilidade dos equipos.

### 5. METODOLOXÍA PROPOSTA

Espérase a aplicación dunha metodoloxía baseada en: realización de talleres participativos, entrevistas, discusións colectivas, observación organizacional, revisión de fontes documentais e materiais da entidade, revisión de estatísticas, etc.

O formato de traballo poderá ser presencial, telemático e mixto.

## 6. PERFIL DA PERSOA OU EQUIPO DE CONSULTORÍA

Requisitos para a selección da persoa ou equipo de consultoría:

- a) Experiencia acreditada en elaboración de diagnósticos de xénero e plans de igualdade. Cando menos 3 anos de experiencia de traballo na materia.
- b) Formación en xénero e dereitos das mulleres: Cando menos, unha persoa do equipo deberá acreditar formación específica en xénero, igualdade e/o dereitos das mulleres.
- c) Experiencia de traballo con organizacións do terceiro sector: É indispensable que a consultora ou equipo proposta teña realizado como mínimo 3 deste tipo de produtos en organizacións de intervención social, atención a persoas con discapacidade, cooperación internacional ou de traballo con persoas en exclusión social e situación de vulnerabilidade.
- d) Independencia con FEGADACE: A persoa ou consultora ha de ter independencia con FEGADACE e os seus órganos de dirección. En tal sentido, será indispensable que non exista conflito de intereses coa entidade contratante a fin de garantir a obxectividade do proceso.

## 7. PREMISAS DA CONSULTORA, PROPIEDAD INTELLECTUAL, AUTORÍA E PUBLICACIÓN

A propiedade intelectual dos produtos desta consultora, sen prexuízo do recoñecemento de autoría, corresponderá a FEGADACE. Por tanto, a difusión dos resultados e produtos xerados deberán rexerse e respectar as políticas e directrices establecidas por FEGADACE, conforme:

- **Anonimato e confidencialidade.** – O traballo respectará o dereito das persoas a proporcionar a información asegurando o seu anonimato e confidencialidade. O equipo/ persoa consultora garantirá durante todo o proceso de elaboración de traballo, o cumprimento das correspondentes cláusulas e exixencias do RGPD vixente.
- **Responsabilidade.** – Calquera desacordo ou diferenza de opinión que puidera xurdir entre os membros do equipo ou entre estes e os responsables de FEGADACE, en relación coas conclusións e recomendacións, debe ser mencionada no informe final de consultora. Calquera afirmación debe ser sostida polo equipo ou deixar constancia do desacordo sobre ela.
- **Integridade.** – A/as persoa/as consultora/as terán a responsabilidade de poñer de manifesto cuestións non mencionadas especificamente neste documento, se fora necesario para obter unha análise mais completa do traballo a realizar.
- **Incidencias.**- No suposto de aparición de problemas durante a realización do traballo deberán ser comunicados inmediatamente a FEGADACE. De non ser así, a existencia de ditos problemas, en ningún caso poderá ser utilizada para xustificar a non obtención dos resultados establecidos no presente documento.

- **Verificación da información.** - Corresponde ao equipo consultor garantir a veracidade da información recompilada para o acompañamento na elaboración da consultoría.
- **Produtos esperados** – A difusión da información recompilada, ferramentas xeradas e de calquera produto elaborado no ámbito desta consultora é prerrogativa de FEGADACE.
- **Entrega dos produtos** - En caso de retraso na entrega do informe final ou no suposto en que a calidade dos resultados obtidos e informe entregado sexa manifestamente inferior a lo pactado con FEGADACE, serán aplicables as penalizacións previstas no contrato que se celebrará entre a empresa/experto/a e a federación.

## 8. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

As propostas (técnica e económica), acompañadas do CV e acreditacións das interesadas/os en participar no proceso de selección, deberán entregarse ata **03 de febreiro de 2023 ás 23:59 horas**.

Estas deberán remitirse á atención da Dirección de FEGADACE: Begoña Hermida Val, a través do enderezo electrónico [direccion@fegadace.org](mailto:direccion@fegadace.org), incluíndo no asunto "Proposta elaboración Plan de Igualdade de FEGADACE".

A proposta non debe de superar as 10 páxinas (CV da persoa/s consultoras aparte), e debe de conter a seguinte información:

- Primeira folla onde indique:
  - Nome da empresa ou persoa consultora.
  - Título: Elaboración de Plan de Igualdade de FEGADACE.
  - Datos de Contacto da empresa ou consultora individual.
- Oferta técnica que inclúa:
  - CV detallado da entidade (de ser o caso)
  - CV detallado das persoas integrantes do equipo.
  - Metodoloxía de traballo proposta.
  - Plan e cronograma de traballo detallados.
  - Desglose orzamentario.

FEGADACE no marco da súa liña de acción de "asesoramento, apoio e traballo para a cohesión e fortalecemento das súas entidades federadas" busca apoiar ás cinco entidades membro na mellora dos seus procesos organizativos. Por isto, instase ás entidades candidatas para a realización deste servizo a presentar dúas propostas:

- Primeira e prioritaria: Alcance do servizo limitado a FEGADACE.
- Segunda e cuxa factibilidade de contratación se valorará en función da proposta económica e encaixe nos orzamentos da federación: Alcance do servizo que inclúa a

FEGADACE e ás cinco entidades membro (ADACE, ADACECO, ALENTO, DCA Ourense e SARELA).

## 9. FORMA DE PAGAMENTO

A proposta económica debe de contemplar todos os custes asociados á prestación do servizo, isto é: retribución/s profesional/ais, gastos de desprazamentos, materiais, impostos e outros incluídos. O pagamento realizarase a través de dúas transferencias bancarias, trala emisión das correspondentes facturas, da maneira que segue:

- 1º pago: do 30% do orzamento consensuado trala sinatura do contrato.
- 2º pago: do 70% restante trala aprobación por parte de FEGADACE do 100% dos resultados/productos solicitados.